



Miro Villar (Cee, 1966) é un dos colaboradores máis frecuentes de Revista das Letras nos anos centrais dos anos noventa, con artigos de análise literaria especialmente, entre os que figura o dedicado ás décimas de Fermín Bouza-Brey. As súas poesías aparecen en abril de 1993 xunto ás do seu irmán Rafa en 'Lazos de sangue', unha das páxinas máis fermosas daquela etapa, que inclúe a fotocopia agora reproducida nesta selección. Entre os poemarios publicados por Miro Villar –afiliado á corrente clasicista– figuran '42 décimas de febre' ou 'Abecedario da desolación'.

Miro Villar

Décima

As mulleres de Miró
escudriñan-me sombrías
no alvo das litografías,
non sei que ven dende aló
para saber que estou só.
As mulleres destemidas
raspan nas feridas,
penetran nos meus segredos
e con alegres brinquedos
deixan as mágoas proídas.